



Concello de Vilarinho de Conso

Dona Melisa Macía Domínguez, Alcaldesa do Concello de Vilariño de Conso.

INFORMA:

Con motivo da situación actual de contención contra a transmisión do coronavirus (COVID-19) e seguindo as recomendacións establecidas pola Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia para evitar os contaxios; o Concello de Vilariño de Conso cancela ata novo aviso as actividades culturais e deportivas e pecha asemade o pavillón, museo e biblioteca dependentes do ente público. Asimesmo, O Punto de Atención á Infancia (gardería) suspéndese dende o luns 16 de marzo, durante o mesmo periodo que os centros educativos de Galicia, como o CEIP de Vilariño de Conso.

Primarase a atención telefónica ou telemática ao público no Concello na medida do posible. O teléfono de contacto é o 988340302, o correo electrónico é concello.vilarinodeconso@eidolocal.es e a sede electrónica <https://vilarinodeconso.sedelectronica.gal>

No Concello colocaránse dispensadores de solución hidroalcohólica.

Se algunha persoa precisa información sobre o coronavirus pode facelo chamando ao teléfono gratuito 900400116. Os principais síntomas son : febre, tose e sensación de falta de aire.

As medidas de protección básica recomendadas pola OMS:

- Lavar as mans con frecuencia.
- Cubrir a boca e o nariz co cúbado ou cun pano desbotable ao tusir ou esbirrar.
- Evitar tocarse os ollos, o nariz e a boca.
- Evitar espazos con moita xente.

Todas estas medidas son de carácter preventivo, pregando a calma e o sentido común dos veciños.

En Vilarinho de Conso.

A Alcaldesa,
Asdo.: Melisa Macía Domínguez
(documento asinado á marxe electronicamente)

Concello de Vilarinho de Conso

Rua Do Museo, 3, Vilarinho de Conso, 32557 (Ourense). Tfno. 988 340 302. Fax: 988340269



It is important to note that the results of this study are based on a cross-sectional design, which limits the ability to establish causality. Future research should employ longitudinal designs to investigate the temporal relationships between the variables studied.